

DÍA INTERNACIONAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS AGRESORES RESPONSABLES SOCIEDADE CÓMPLICE

UN
N
O
R
O
M
A
C
O
N

MICROMACHISMOS - INVISIBILIZACIÓN - CONTROLAR -
CHANTAXE EMOCIONAL - DESVALORIZAR - PUBLICIDAD DE SEXISTA - AGRESIÓN FÍSICA - ASASINATO - GRITAR - HUMILLAR -

DÍA INTERNACIONAL CONTRA LES VIOLENCIES MASCLISTES

BORTIZKERIA MATXISTEN KONTRAKO NAZIOARTERKO EGUNA



Confederación
Xeral
do Traballo
@CGT
www.cgtgalicia.org
rojoynegro.info



VISIBILÍZAO!

DÍA INTERNACIONAL CONTRA LAS VIOLENCIAS MACHISTAS

2016

AGRESORES RESPONSABLES. SOCIEDADE CÓMPlice VISIBILÍZAO!

O 25 de Novembro é o **Día Internacional contra as Violencias Machistas**. Están a asasinarnos, golpeando, violando, maltratando, explotando... No que vai de ano, 74 homes asasinaron a 74 mulleres, 2 nenas e 1 neno.

Pero isto non son feitos illados, isto chámase **patriarcado**, e susténtase no silencio, a desidia e a pasividade de moitas persoas así como no abandono de funcións das Institucións que, de maneira activa ou pasiva, levan reforzando, durante centos de anos, o modelo de mulleres obxecto, mulleres como posesións das súas parellas; susténtase no modelo explotador da economía capitalista; na Igrexa machista, homófoba e racista que non evoluciona; na xudicatura que outorga custodias compartidas impostas mesmo a maltratadores; na clase política que permanece á marxe do que está a suceder, absorta nas súas propias intrigas e intereses.

Hoxe, 25 de Novembro, queremos denunciar que, a miúdo, quen ostenta o poder e legislan, responsabilizan e culpabilizan ás mulleres do paro estrutural existente, das diferenzas salariais, do déficit no sistema público de pensións, da diferenza de dereitos, das violacións, dos malos tratos, son os que actúan directa ou indirectamente para impedir a nosa emancipación e empoderamento como mulleres libres.

As mulleres **esiximos** á sociedade e **loitamos** por un modelo de coeducación pleno, por unha cultura da liberdade dos sexos; **DENUNCIAMOS** a falta de ética dos violadores que chegan a describir as agresións como ?sexo en grupo? sen ningún escrúpulo; **denunciamos** aos medios de comunicación que ?informan? destes feitos cunha falsa neutralidade, normalizando as violencias que sufrimos; **demandamos** á Administración que supervise o cumprimento das súas propias leis en favor da igualdade.

As mulleres estamos fartas de que se nos esixa a nós todo o traballo necesario para denunciar, solucionar e acabar coas violencias machistas. Levamos máis de 100 anos empoderadas e facéndoos. Isto debe cambiar, cando se vai esixir aos agresores que deixen de matarnos?, cando se vai esixir á clase política que deixe as súas concepcións patriarcais naquilo que legisla e aprobe partidas orzamentarias contra as violencias?, para cando a nosa esixencia de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia machista e a formación feminista en violencia de xénero?, cando se vai a desenmascarar a todos os agresores?, cando se vai sinalar aos traficantes de persoas e a explotación sexual?

As mulleres queremos vivir en paz, con alegría, en liberdade, **sen amo, sen deus, sen malos tratos**.

Acabemos coas violencias cara ás mulleres polo feito de selo!

"ÁS VIOLENCIAS MACHISTAS:

RESPOSTAS DE APOIO MUTUO e AUTODEFENSA ANARCOFEMINISTAS"